

ESCULTURA FUNERARIA E HERÁLDICA MEDIEVAL NA CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA*

Por

Xosé Antón García González-Ledo

Académico Correspondiente

*Homenaxe a Faustino Menéndez Pidal de Navascués,
mestre de heraldistas, con admiración e agarimo.*

SARTEGO DO CARDEAL GONZALO EÁNS

Ano 1342

A capela da Corticela foi fundada hacia o ano 900 polo Bispo Sisnando, estabrecendo nela unha comunidade de monxes e situándoa nunha zona ó norde do *Locus* apostólico, arredada diste. Foi consagrada á advocación de San Estebo, aínda que no século X, e tras ter rescibido os monxes o lugar de “Pinario”, trocouse a adicación pola de San Martiño.

* Iste traballo insírese dentro do proxecto “Corpus de heráldica, escultura funeraria y epigrafía medieval gallega” que se desenvolve no Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento (CSIC-Xunta de Galicia) baixo a dirección do Dr. Don Eduardo Pardo de Guevara y Valdés.

Súa fábrica sofreu importantes modificacións coa construción da catedral románica, acortándose as súas naves un treito.

No século XIII, novas reformas fóronlle dando o aspecto actual, mais sen acadar ocultar a súa orixe prerrománica, persistindo arredada da catedral compostelán, coa que se comunicaba pola porta chamada de Santa María, aberta entre as capelas do cruceiro de San Nicolás e Santa Cruz —onde hoxe está a do Espírito Santo¹— deica que en 1541 os fregueses concertaron pechar tal calexa polo pasadizo que actualmente a comunica co cruceiro da catedral, derrubando para elo parte da antiga capela de San Nicolás². Ista capela parroquial servía dende antigo fundamentalmente ós pelengríns extranxeiros³ e, antre os españois, especialmente, ós vascos residentes en Santiago, estabrecéndose ademáis nela *confesores lenguajeros*⁴.

Gonzalo Eáns, coengo e cardeal compostelán, viveu a época das liortas ocasionadas pola insurrección dos composteláns no tempo do episcopado de don Berenguel de Landoira contra o señorío eclesiástico⁵. Paresce ser que viveu aínda baixo os mandados dos arcebispos don Xoán II e don Martín, constando a súa presenza na xunta convocada por este derradeiro prelado no ano 1339. Posteriormente, o decesoito de xullo do 1341, interviu coma representante do cabido no acto de aceptación e toma de posesión das doacións feitas por don Pedro Fernández de Castro á igrexa compostelán dos Coutos de Teis e Valadares, na bisbarra de Vigo. Cóidase que a súa morte aconteceu pouco des-

1.- O Códice Calixtino a cita como unha das dez igrexas da cidade: “La de Santa María Virgen, que está detrás de la de Santiago, y tiene acceso a la misma catedral, entre el altar de San Nicolás y el de la Santa Cruz”. *Codex Calixtinus*, traducción por los profesores A. Moralejo, C. Torres y J. Feo. Santiago de Compostela, 1951, páx. 553.

2.- J. VILLA-AMIL Y CASTRO, *La catedral de Santiago. Breve descripción histórica*. Madrid, 1909, páx. 95.

3.- “Porque todos quantos vienen a esta çiudad han de ser feligreses de esta dicha parroquia”. J. del HOYO. *Memorias del arzobispado de Santiago*. Ed. A. Rodríguez González y B. Varela Jácome. La Coruña, S.F., páx. 83.

4.- J.M. FERNÁNDEZ SÁNCHEZ e F. FREIRE BARREIRO. *Guía de Santiago y sus alrededores*. Santiago, 1885, páx. 137.

5.- A. LÓPEZ FERREIRO. *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*. Vol. VI, Santiago, 1903, páx. 273.



FECIT XX MMII.
✠

SARTEGO DO CARDEAL GONZALO EÁNS

pois diste acontecemento⁶, rescibindo sepultura no emprazamento que hoxe ocupa na capela da Corticela⁷.

Acubilla o seu lucillo sepulcral un arco oxival decorado cunha serie de molduras cóncavas e convexas⁸. Baixo iste arco, o sartego serve de base para a estatua xacente do cardeal-coengo compostelán. Na fronte, a inscrición alusiva a súa diñidade e orixe do finado, en cinco rexistros arredados por liñas horizontais, e en caracteres *galegos* refundidos de moi boa factura:

† AQ(U)I : IAZ : G(ONÇALV)O :

EANS : CARDEAL :

D(E) : SANTIAGO : NAT

URAL : D(E) : BETA(N)ÇOS :

Iste epitafio estivo parcialmente tapado polo entarimado deica hai poucas décadas, mentres que hoxe ocúltao un banco sostido por dous ferros diante do sartego⁹. Franqueando a inscrición, dous escudos iguais cunha árbore frutada e un bóvido siniestrado brochante no seu campo, armas da linaxe Becerra, destacada estirpe da bisbarra betanceira¹⁰, onde se poden apreciar moitas variantes distas armerías nas igrexas de San Francisco e Santiago da cidade de Betanzos, estudadas istas polo lembrado cronista don Francisco Vales Villamarín e o que esto escribe.

Pola súa fermosura e boa labra o historiador e novelista coruñés Salvador de Madariaga, puxo na portada dun dos seus libros unha becerra das moitas que figuran nas devanditas igrexas.

6.- M. CHAMOSO LAMAS. *Escultura funeraria en Galicia*. Ourense, 1979, páx. 535.

7.- A. LÓPEZ FERREIRO, *ob. cit.*, páx. 273.

8.- C. MANSO PORTO. *La escultura funeraria*. "Galicia Arte". Vol., XI. A Coruña, 1993, páx. 397.

9.- B. de BOUZA. *Un respecto para la tumba de Gonzalo Eáns*. "Anuario Brigantino". Nº 13, Betanzos, 1990, páx. 288.

10.- F. VALES VILLAMARÍN. *Algo sobre el blasón del canónigo compostelano Gonzalo Eáns*. "Anuario Brigantino". Nº 4, Betanzos, 1981, páx. 64-70.

A xacente, deitada encol do xacigo, e de estilizada figura, viste alba, casulla e mitra, sostendo o manípulo no pulso esquerdo, sobor do peito, antre ambas mans, un libro pechado¹¹, iste con broches en forma do típico motivo xacobeo de cuncha de vieira.

SARTEGO DO BISPO ALONSO LÓPEZ DE VALLADOLID

Ano 1468

No acceso á catedral dende a portada norde, nun lucillo aberto no muro oriental de cerramento da capela de Santa Catarina (hoxe adicada á Virxe de Lourdes), encóntrase o sartego de Alonso López de Valladolid.

Foi iste persoaxe bacharel en física ou menciña e familiar do arcebispo don Lope de Mendoza –do cal foi, segundo Villa-Amil e Castro médico¹²- e o 25 de xaneiro do ano 1442 iste confioulle a administración dos bens do mosteiro de Antealtares para evitar que se fixeran foros ou préstamos en detrimento da facenda do convento¹³. O Papa Uxío IV nomeouno seu capelán e o arcebispo don Lope deulle o arcedianato do Salnés, ó tempo que gozaba da diñidade de deán de Ourense, exercendo a laboura de administrador do bispado dista cidade dende que o Papa Pío II nomeara para exercer tal cárrago ó cardeal Torquemada, delegando iste en don Alonso. Foi elexido bispo dista cidade no ano 1466, dous anos antes do seu pasamento, acaecido iste, o 23 de agosto do 1468¹⁴.

O seu cadavre trasladouse á catedral de Santiago, onde tiña fundado un aniversario para o cal tiña doado ó cabildo compostelán o casal do Viso¹⁵.

11.- J.M^a. CAAMAÑO MARTÍNEZ. *La catedral de Santiago de Compostela*. “El gótico”. Barcelona, 1977, páx. 259.

12.- J. VILLA-AMIL Y CASTRO. *La catedral de Santiago. Breve descripción histórica*. Madrid, 1909, páx. 134.

13.- A. LÓPEZ FERREIRO. *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*. Vol. VII, Santiago, 1904, páx. 380.

14.- *Ibidem*, páx. 141.

15.- *Ibidem*, páx. 140-141.

A existencia diste sartego, no mesmo emprazamento que hoxe ocupa, documéntase xa en 1583, pouco máis dun século despois do falecemento de don Alonso. Con motivo da morte do prior Xoán Vidal un ano antes, o cabido otórgalle para o seu enterramento “*o lugar que está de costas da capela de San Nicolás*”¹⁶, *fronte ó enterramento de don Alonso López de Valladolid, bispo de Ourense*”, segundo noticias de don Antonio López Ferreiro¹⁷.

O sartego repousa en tres leóns moi erosionados, decorándose a fronte cun escudo con escotaduras coas armas dos Mendoza, nun cortinado, o menguante xaquelado, e niste caso acompañado de dúas vieiras, e na bordura oito roeles cargados de veros. Todo elo ornamentado dunha complexa decoración vexetal.

Con respecto ó xacente, para o profesor Caamaño Martínez “*desaparecido o sepulcro de don Lope, esta peza, de fins do século XV, é a mellor escultura funeraria gótica da Catedral compostelán*”¹⁸. Vestido con xenerosas roupas episcopais, os pregues acusan un traballo concienzudo para dar unha impresión de suavidade, marcándose con liñas suaves e curvas. Iste delicado traballo exténdese á ornamentación das vestiduras, o mesmo que á preciosista decoración da mitra episcopal, simulando un tecido colmado de xemas e fitas de ouro. De feito, para o profesor e amigo García Iglesias¹⁹, o coidadoso tratamento das calidades e o detalle do retrato indican que “*encontrámonos ante un sartego abertamente hispano framenco, propio da etapa derradeira do século XV*”.


Nota destacada e excrusiva entre os sepulcros da catedral é o báculo de bronce que agarra coa man dereita e racha coa monotonía do granito permitindo unha impresión de realismo imposible de acadar coa pedra, posto que casi parece que o finado acouga co báculo que usou en vida. A voluta na que se remata decórase minuciosamente, constituindo un bo exemplo de orfebrería gótica.

16.- A capela que se refire era unha das dúas románicas do cruceiro, por onde se abreu o acceso á Corticela. Funcionou como parroquia de San Fructuoso, e hoxe está adicada a Santo Antón.

17.- A. LÓPEZ FERREIRO, *ob. cit.*, vol. VIII, páx. 374.

18.- J.M^a. CAAMAÑO MARTÍNEZ. *La catedral de Santiago de Compostela*. “El gótico”. Barcelona, 1977, páx. 260.

19.- J.M. GARCÍA IGLESIAS. *Historia de arte gallego*. Madrid, 1982, páx. 168.



FECHT M 3 MMIII.
†

SARTEGO DO BISPO ALONSO LÓPEZ DE VALLADOLID

Remata o conxunto un arco conopial con outro escudo —no cumio— coas mesmas armas dos Mendoza con dous carneiros a xeito de tenantes.

LAUDA DUN GUERREIRO DA LINAXE DOS MENDOZA

Ano 1468

Entre os enterramentos da linaxe dos Mendoza que apareceron en sucesivas excavacións na capela da Comunión da Catedral (antiga de don Lope de Mendoza), encóntrase ista lauda de guerreiro, a cal foi hachada servindo de recheo por don Manuel Chamoso Lamas. Na actualidade atópase arrumbada no chan do Museo do craustro catedralicio.

A rodea unha cenefa cunha inscrición alusiva ó personaxe soterrado, súa familia, e seu rango de cabaleiro, dando conta tamén do ano do seu pasamento:

AQUÍ : IAZE : EL VIRTVOSO : CAVALLERO :

L.... DE MENDOÇA FIJO DE ALFONSO:

DE MENDOÇA : ANO : DE CCCCLXVIII :

Noustante, a inoportuna rotura dunha esquina da lauda impídenos saber o nome exacto do persoaxe. Nembargantes, sí sabemos que se trata dun fillo de Alfonso de Mendoza, polo que poidera tratarse de Lope Pérez de Mendoza²⁰, fillo do sobriño do arcebispo don Lope, que se chamaba Alfonso ou Alonso de Mendoza²¹, o cal aparece citado, por exemplo, presentando compatrono dunha das capelanías da capela de don Lope ó crérigo Alonso Yáñez, en 1451, segundo Antonio López Ferreiro²².

20.- A. LÓPEZ FERREIRO. *Galicia en el último tercio del siglo XV*. 3ª edición, Vigo, 1968, páx. 190.

21.- J.M^a. CAAMAÑO MARTÍNEZ. *La catedral de Santiago de Compostela*. “El gótico”. Barcelona, 1977, páx. 266.

22.- A. LÓPEZ FERREIRO. *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*. Vol. VII, Santiago, 1904, páx. 116.



LAUDA DUN GUERREIRO DA LINAXE DOS MENDOZA

No medio da lauda, en medio relevo, o guerreiro preséntase vestido con armadura completa. Coas mans –embutidas en guanteletes- agarra un grande mandobre que chega dende o peito deica ós pés do cabaleiro. O elmo que lle protexe a cabeza ábrese para deixar ver a faciana, o cal presenta un traballo sinxelo e impersonal, que non concorda coa calidade e detallismo que amosa a armadura. Así, os ollos son simpres *améndoas*, o naris é grande, namentras que as meixelas tamén represéntanse carnosas, mais sen acadar dar unha sensación de morbidez nas carnes.

Acouga a testa nunha almofada de escaso grosor, servindo para acoller dous escudos –xemeos- con escotaduras da linaxe dos Mendoza, o xaquelado menguante e os oito roeles cargados dos crásicos veros –e intercalados con istes- oito panelas dos Guevara, que Eduardo Pardo de Guevara y Valdés explica en razón da liña materna do titular. Decórase ista almofada nas esquinas inferiores con dúas borlas.

Os pés repousan enriba do lombo dun can deitado, coas patas dianteiras estarricadas para adiante e cun alongado fuciño. Parte diste animal, asín coma os cuartos traseiros perdéronse, o mesmo que boa parte da perna dereita da xacente.

Xunto con Ana Framiñán Santas e Rosario Valdés Blanco-Rajoy, compañeiras no *Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento*, estamos a preparar un estudo sobre o castelo de Mesía e a linaxe dos Mendoza, de próxima publicación, onde daremos conta de novos datos.

SARTEGO DO CARDEAL MARTÍN LÓPEZ

Ano 1477

Ubícase hoxe en día no brazo sul do cruceiro, adosado ó muro do lado oeste, baixo o tímpano de Clavijo. Na súa orixe estaba situado na antiga capela de don Lope de Mendoza, onde hoxe está a capela da Comunión.

Debeu de ser atopado nos derradeiros anos do século XIX ou comezos do XX, tal e como afirma Manuel Chamoso Lamas²³, que pon a noticia en boca de López Ferreiro. De feito, na *Guía descriptiva de la S.A. Metropolitana Basílica y Relicario de Santiago de Compostela*²⁴, do ano 1892 aínda non se cita, mentras que na descripción da basílica que fai Villa-Amil no ano 1909²⁵, di que foi “*atopada hai pouco na capela da Comunión*”, o cal xa dixeran López Ferreiro en 1904²⁶, na súa historia da Catedral Compostelán.

Presenta sartego e tapa con xacente; o seu estilo aseméllase ó de outros sepulcros de eclesiásticos mitrados que se atoparon nas excavacións do kraustro, hoxe en día expostos na cruxía do lado sur, aínda que a calidade diste é moi superior, cun xeito de escultura máis fina e rematada. Con aqueles debe coincidir na cronoloxía, esculpíndose hacia o segundo terzo do século XV. No caso do sartego de Martín López, a súa morte foi no ano 1477, seguramentes o mesmo intre no que se labrou o seu moimento.

Parece ser que istes sepulcros son debidos á sección de escultura do Colexio de Artistas que sostiña a catedral e que escomenzaba a recobrar importancia tras o momento lánquido que atravesou despois da morte do arcebispo don Lope de Mendoza. Nistes moimentos funerarios, a búsqueda da individualización no retrato procurábase copiando directamente a partires das mascarillas funerarias de cera²⁷.

O cardeal Martín López era familiar, alumno e testamentario do cardeal Lope de Mendoza, sendo o responsable de rematar a obra da capela funeraria que aquil fundara, asín coma do seu fabuloso sepulcro. Niste mesmo recinto estaría tamén, coma dixemos, o sartego que agora nos ocupa. Segundo López Ferreiro, atopábase no lenzo mural contiguo ó Pazo Arcebispal, baixo unha hornacina e xunto a outros dous sarteos.


23.- M. CHAMOSO LAMAS. *Escultura funeraria en Galicia*. Ourense, 1979, páx. 521.

24.- A. LÓPEZ FERREIRO. *Guía descriptiva de la S.A. Metropolitana Basílica y Relicario de Santiago de Compostela*. Santiago, 1892, páx. 51.

25.- J. VILLA-AMIL Y CASTRO. *La Catedral de Santiago. Breve descripción histórica*. Madrid, 1909, páx. 133.

26.- A. LÓPEZ FERREIRO. *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*. Vol. VII, Santiago, 1904, páx. 14

27.- *Ibidem*, páx. 382-385.



FECIT ✕ © MMII.
✕

SARTEGO DO CARDEAL MARTÍN LÓPEZ

O xacente represéntase con mitra e vestiduras eclesiásticas, folgadas e labradas con detalle, con pregues angulosos, distribuíndose paralelos uns ós outros e, en certo modo, lembran ó estilo hispano-francomano.

A cabeza, encol de dúas almofadas, de duro aspecto lixeiramentes mutilada no naris e de rasgos bastante xeométricos.

Sobor do peito sostén un libro, fórmula que se repite noutros sarregos do craustro, e que no fondo evocan ó anterior sepulcro do betanceiro Gonzalo Eáns na capela da Corticela.

O xacigo presenta na súa fronte, franqueando o anagrama de IHS escrito en grandes caracteres góticos, dous escudos. O do testeiro coas armas dos Mendoza e o dos pés a característica vieira indicativa da vinculación do persoaxe á basílica xacobeá. Istes escudos rodéanse dunha fita lisa cuxa liña perimetral forma na parte superior e inferior un pequeno círculo. Segundo o profesor Yzquierdo Perrín²⁸, é iste motivo un dos derradeiros e máis sinxelos exemplos derivados do típico motivo medieval de decoración de estrelas de oito puntas que se aprecia noutros sepulcros galegos, aínda que convertíndose xa en “*moi sinxelos motivos de entrelazo*”.


LAUDA DO REXIDOR FRANCISCO TREVIÑO

Ano 1511

Atópase embutida no muro norde da capela do Salvador ou do Rei de Francia, a máis antiga da catedral románica. Iste persoaxe foi, segundo Villa-Amil²⁹, rexidor, escribán, cambiador e criado do arcebispo don Alonso III de Fonseca. A lauda representa unha figura do xacente esculpida en mediorrelevo. Viste tabardo cos costados abertos para pasar os brazos e a cabeza tocada cun outo gorro de burgués.

28.- R. YZQUIERDO PERRÍN. *La decoración de estrellas de ocho puntas en el arte medieval gallego*. “Tui. Museo e Arquivo Histórico Diocesano”. Vol. IV, Tui, 1986, páx. 167.

29.- J. VILLA-AMIL Y CASTRO. *La catedral de Santiago. Breve descripción histórica*. Madrid, 1909, páx. 104.



LAUDA DO REXIDOR FRANCISCO TREVIÑO

No colo, a túnica ábrese en pico deixando ver debaixo a camisola anoada ista cunha fitas. Por enriba, unha grosa cadea na que pendura unha medalla sobor do peito. Trátase en fin, segundo don Ramón Otero Pedrayo, da típica vestimenta dun cidadán do seu tempo, polo que destaca a importancia diste sepulcro³⁰.

Sostén con ambas mans –a destra na empuñadura e a senestra no arranque da folla- unha longa espada na súa vaina con contera. Do pulso esquerdo pendura un longo rosario. A túnica cóbrelle deica o papo das pernas calzando os pés cun xeito de sandalias.

O seu estilo resulta aínda ancorado no derradeiro gótico, cunha execución boa mais non acada a dotar a faciana de expresividade e individualidade, aínda que as abultadas faccións nas meixelas, o cabelo caéndolle deica ás orellas con guedellas marcadas por liñas curvas, danlle certo ar de carnosidade, morbidez e certo torpe naturismo, como se aprecia nos ollos, que non son máis que dúas bolas prominentes.

A testa, adosada á almofada, apenas sobresa, producindo naquela un certo afondimento polo peso, tentando aparentar un mal logrado molido. Súas esquinas decóranse con borlas, mentres que os lados da cabeza serve de base a sendos escudos con escotaduras, o da dereita postas en sotuer as cinco estrelas dos Fonseca, e o da esquerda, do mesmo xeito, cinco torres con merlatura e alambor, que coidamos son armas da linaxe Treviño, orixinario das montañas de Burgos.

O corpo aparece nun nivel lixeiramente inferior excavado nun cadro e, coma se aprecia nos ombreiros, parece rodealo un xeito de arco apuntado, cuxa crave é tapada pola alfomada. Nas enxutas deste *arco* aprécianse dúas froles de catro pétalos coma as das esquinas da cenefa escrita que bordea a lauda –perdida ésta na parte baixa- coa seguinte lenda:

30.- R. OTERO PEDRAYO. *Guía de Santiago de Compostela*, Santiago, 1943, páx. 87.

**AQVÍ : IAZ : EL HONRADO : FRANCISCO :
TREVINO REGIDOR :**

Segundo Chamoso Lamas, a súa morte aconteceu no ano 1511³¹.

Nun vindeiro traballo daremos ó prelo o testamento diste persoaxe, que nos foi proporcionado polo historiador e compañeiro Antonio Presedo Garazo, do cal poderemos tirar novos datos sobre a súa vida.

SEPULCRO DE DON DIEGO DE CASTELA

Ano 1521


Encóntrase empotrado no muro leste da capela de San Bartolameu, a primeira da xirola dende o brazo norde do trasepto. Esta capela é unha das cinco absidiales primitivas e a única que xunto coas do Salvador e San Pablo consérvase, hastra certo punto a forma orixinal.

O trinta e un de nadal do ano 1521 consta que se deron ó Provisor Xoaquín Auñón os pilares que se sacaran desta capela, por canto “*non cumprían para ningunha obra da igrexa por ser pequenos e labrados en redondo*”³². O motivo desta retirada dos pilares sería a colocación do moimento do Mestre escola don Diego de Castela, falecido niste ano de 1521. No seu testamento, o Mestre escola nomeu herdeiro ó arcebispo don Alonso de Fonseca, o cal traspasou a herdanza ó irmán do difunto e tamén coengo don Pedro de Castela, coa condición de que tiña de facer na capela o retábulo e sepulcro de don Diego, “*conforme ás trazas do mestre Arnao*”³³.

31.- M. CHAMOSO LAMAS. *Escultura funeraria en Galicia. Ourense*, 1979, páx. 523.

32.- A. LÓPEZ FERREIRO. *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*. Vol. VII, Santiago, 1905, páx. 74.

33.- P. PÉREZ CONSTANTÍ. *Diccionario de artistas que florecieron en Galicia durante los siglos XVI y XVII*. Santiago, 1930, páx. 46.



FECHT AN 13 MMII.
a/s

SEPULCRO DE DON DIEGO DE CASTELA

Iste entallador flamenco, por aqueles anos do primeiro cuarto do século XVI veciño de Santiago, e fregués da parroquia de Santa María da Corticela dada a súa condición de extranxeiro, foi tamén, como di a documentación, e como aseveran os profesores Filgueira³⁴ e Azcárate³⁵, o encargado de facer o retábulo prateresco desta capela.

Diego de Castela era fillo dun neto do Rei Don Pedro o *Cruel* e dunha tía do arcebispo don Alonso, irmá do outro don Alonso que foi primeiro arcebispo de Sevilla. O neto de don Pedro era sen dúbida fillo de aquel don Diego que hastra o ano 1434 estivo preso no castelo de Curiel³⁶.

Trátase dun sepulcro acubillado por un gran arcosolio, constituindo un magnífico exemplo do estilo prateresco executado en pedra litográfica, chamada de Coimbra. A maior ductilidade ou moleza deste material permite unha textura e detalle na labra cáseque imposíble de acadar no tradicional granito no que se esculpiu a maioría dos sartegos e laudas da catedral compostelán. Trátase en opinión de Azcárate do mellor sepulcro da catedral e “*do máis belido e delicado do Renacemento en Galiza*”³⁷.

A efíxie do defunto acouga encol do sartego, cáseque como un podium, que acolle a inscrición funeraria en latín propio da época, mandado facer polo seu irmán, que verquido ó galego di:

Groria ó Supremo Señor Xesucristo. Aquí xaz Diego de Castela, visneto de Don Pedro, Rei de Castela, que nin se exaltou na prosperidade, nin se abateu na adversidade. Durante 56 anos asisteu decotío ós sagrados Ministerios que se celebraban neste augustísimo tempo. Entregou súa ánima a Deus, sendo de todos amado, o ano de 1521 a 28 de maio, e ós 83 de idade.

34.- J. FILGUEIRA VALVERDE. *Santiago de Compostela. Guía de sus monumentos e itinerarios*. A Coruña, 1950, páx. 55.

35.- J.M^a. AZCÁRATE RISTORI. *Escultura del siglo XVI*. “Ars Hispaniae”. Tomo XIII, Madrid, 1958, páx. 86.

36.- A. LÓPEZ FERREIRO, *ob. cit.*, vol. VII, páx. 308.

37.- J.M^a. AZCÁRATE RISTORI, *ob. cit.*, páx. 308.

Pedro de Castela, Mestre escola Compostelán despois do Don Diego fixo construír iste suntuoso moimento en testemuña de gratitude, e para consolo dos seus amigos e parentes.

¡Viaxeiro! Da gloria a Deus e pídelles fervorosamente o eterno acougo para Diego: aspira ó ceo, usando ben dos bens terreo, sin ter o corazón apegado a iles.

Con respecto ó xacente, acádase a total individualización da faciana, constituíndo ista imaxe un fidel retrato do finado, cuas faccións refrean o rictus da morte, o que nos leva a coidar que o autor utilizou unha máscara funeraria para *retratar* ó Mestre escola. Don Diego vístese con capa pluvial, estola e alba, deténdose o autor en labrar nela calados e relevo de grande perfección. Coa man dereita sostén un libro, mentras que a outra aparece encollida. Os pés do finado repousan sobor dun león, tema recorrente en moitos sepulcros, un bo exemplo témolo no sartego do arcediano Pedro de Ben, na capela de San Pedro e San Pablo, da igrexa betanceira de Santiago, obra do escultor Cornielles de Holanda.

Na parede do fondo, como ascendendo dende o corpo do finado, dous anxos elevan o escudo de Don Diego –armas dos Castela– rodeado dunha laurea, símbolo do triunfo. Enriba diste un relevo da Resurrección de Cristo, rodeado de sorprendidos soldados e co sepulcro valdeiro detrás.